AUTOBIOGRAFÍA ARTÍSTICA DE MAURO LEIVAS*

(Mondoñedo, 1955-2025)

Artista irreverente, transgresor, deslinguado e antisistema. Formouse na Escola de Belas Artes de Madrid. Mais a capital da dictadura tornouse insoportable para as súas ansias de experimentar a vida e a arte. Pasou por Xenebra, convidado polo escultor M. Hirchy, e percorreu Europa e a súa arte. Graduouse na Escola de Artes e Oficios de Lugo e cursou un máster en multimedia polo CIS de Ferrol (modelado 3D e animación), metodoloxía didáctica, etc.

Mauro Leivas é difícil de definir. Polifacético tanto nos temas coma nas formas. Fixo cómic, deseñou bares e outros locais, portadas de libros, cartaces... Debuxou "Macacae, macacae", para o antropólogo usa-canadiano P. Melhman, nas montañas do Atlas.

Mantivo a súa obra fóra dos circuitos convencionais da pintura, pola despiadada explotación que se xera nestes círculos.

*Na actualidade** traballa nunha serie de pinturas nas que se propón a paisaxe como alternativa final. Xoga coas tintas chinesas e os pigmentos sobre soporte, sutís ás veces, como os papeis de arroz, ou coa carraxe seriada da industrialización, coma o papel kraft ou os restos de refugallo. Estampas nas que o lirismo do sarcasmo convértese no bisturí certeiro para desbridar a crueza da realidade contemporánea, aniquiladora, voraz, incoherente e baleira de bondade.

Nas súas creacións amosa esa realidade, múltiple e interaccionada... Para Mauro Leivas non hai compartimentos estancos. As etiquetas son só unha ferramenta de control sociopolítico...

* *Nota autobiográfica proposta polo artista en novembro de 2023.*